

XEFATURA DO ESTADO

2323 *CORRECCIÓN de erras da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade.* («BOE» 36, do 11-2-2008.)

Advertidos erros na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 33, do 26 de decembro, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 4094, na táboa do anexo 1 encádrase o tributilestaño (TBT) no grupo dos compostos orgánicos

VOCs	71-43-2	Benceno	Cromatografía de gases ..	25%	25%	25%
	108-88-3	Tolueno	Cromatografía de gases	25%	25%	25%
	1330-20-7	Xileno	Cromatografía de gases	25%	25%	25%
	100-41-4	Etilbenceno	Cromatografía de gases	25%	25%	25%
	71-55-6	1,1,1-Tricloroetano	Cromatografía de gases	25%	25%	25%
	36643-28-4	Tributilestaño (TBT)	Cromatografía de gases	25%	25%	25%

Na páxina 4096, no anexo III, punto 3, ande di «As concentracións dos contaminantes en sedimentos determinarase na fracción fina, inferior a 63 mm, sobre peso seco.», debe dicir: «As concentracións dos contaminantes en sedimentos determinarase na fracción fina, inferior a 63 pm, sobre peso seco».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

2387 *REAL DECRETO 106/2008, do 1 de febreiro, sobre pilas e acumuladores e a xestión ambiental dos seus residuos.* («BOE» 37, do 12-2-2008.)

A Directiva 91/157/CEE do Consello, do 18 de marzo de 1991, relativa ás pilas e aos acumuladores que conteñan determinadas materias perigosas, impuxo aos Estados membros a obriga de adoptar as medidas oportunas para que as pilas e acumuladores usados se recollan por separado para a súa valorización ou eliminación.

Esta directiva foi trasposta ao ordenamento xurídico español mediante o Real decreto 45/1996, do 19 de xaneiro, polo que se regulan diversos aspectos relacionados con pilas e acumuladores que conteñan determinadas materias perigosas. A dita norma pretendía facilitar a valorización ou eliminación controlada de pilas e acumuladores usados, establecendo unha serie de medidas, como a organización de sistemas eficaces de recollida selectiva, a obriga de que as pilas e acumuladores só se poidan incorporar a aparellos dos que sexan doadamente extraíbles, a imposición de normas de marcación e a elaboración de programas, así como a exixencia de informar os consumidores sobre tales medidas.

Posteriormente, a Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos, estableceu que os produtores, ou calquera outra persoa responsable da posta no mercado de produtos que co seu uso se convertan en residuos, poderán ser obrigados a se facer cargo directamente da xestión destes residuos, a participar nun sistema organizado para a súa xestión ou ben contribuíndo economicamente aos seus sistemas públicos de xestión. Ademais, esta lei contén, na súa disposición derradeira cuarta, un mandato para que o Goberno regule un sistema de depósito, devolución e retorno para as pilas usadas.

volátiles (VOC), que debe figurar de maneira independente, da seguinte forma:

VOCs	71-43-2	Benceno.	30	
	108-88-3	Tolueno.	50	
	1330-20-7	Xileno.	30	
	100-41-4	Etilbenceno.	30	
	71-55-6	1,1,1-Tricloroetano.	100	
	36643-28-4	Tributilestaño (TBT).	0,02	N.A.S.

Na páxina 4095, na táboa do anexo II encádrase o tributilestaño (TBT) no grupo dos compostos orgánicos volátiles (VOC), que debe figurar de maneira independente, da seguinte forma:

Cromatografía de gases ..	25%	25%	25%
Cromatografía de gases	25%	25%	25%
Cromatografía de gases	25%	25%	25%
Cromatografía de gases	25%	25%	25%
Cromatografía de gases	25%	25%	25%
Cromatografía de gases	25%	25%	25%

Recentemente, a Directiva 2006/66/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativa ás pilas e acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores e pola que se deroga a Directiva 91/157/CEE, establece, entre outras, as normas para a prohibición de comercializar pilas e acumuladores que conteñan determinadas substancias perigosas e para o tratamento, reciclaxe e eliminación dos residuos de pilas e acumuladores.

Este real decreto incorpora ao noso dereito interno esta directiva e desenvolve, así mesmo, as prescricións establecidas na Lei 10/1998, do 21 de abril, cumprindo co mandato establecido na súa disposición derradeira cuarta, para lograr unha adecuada xestión ambiental dos residuos de pilas e acumuladores. O ámbito de aplicación deste real decreto abrangue tanto as pilas e acumuladores portátiles, é dicir, as de consumo doméstico máis frecuente, como as industriais e de automoción, e prohíbe a posta no mercado das que conteñan certas cantidades de mercurio ou de cadmio. Establécese un réxime de obrigas para a posta no mercado de pilas, acumuladores e baterías e fíxase un calendario para cumprir os obxectivos de recollida, referido tanto ás pilas e acumuladores portátiles como ás de carácter industrial e de automoción.

Os produtores de pilas, acumuladores e baterías poderán cumprir coas súas obrigas a través de calquera dos sistemas de xestión previstos no artigo 7 da Lei 10/1998, do 21 de abril. Así mesmo, os produtores de pilas, acumuladores e baterías que, unha vez usados, dean lugar a residuos que teñan a consideración xurídica de perigosos, deberán garantir o cumprimento das obrigas previstas neste real decreto a través dun sistema de depósito, devolución e retorno, dun sistema integrado de xestión ou dun sistema público de xestión.

Exíxese, así mesmo, a intervención de entidades expresamente autorizadas para a xestión de residuos de pilas, acumuladores e baterías caracterizados como perigosos.

A xestión dos residuos de pilas e acumuladores regúlase partindo da creación de redes de puntos para a recollida selectiva de pilas, acumuladores e baterías usadas, establecéndose algunhas especificacións especiais para recoller os de carácter industrial ou de automoción.

No referente ás plantas de tratamento e reciclaxe, detállanse no texto as instrucións técnicas e condicións a que se deberán axustar e o réxime xurídico para a autorización destas instalacións.

Mención especial merecen as medidas previstas para promover, desde as administracións públicas, a prevención da produción de residuos, o fomento das novas tec-

noloxías de tratamento e reciclaxe e de procedementos de xestión e auditoría ambiental ou o de sistemas de calidade e seguranza laboral certificados.

O financiamento de todos os custos da recollida e xestión destes residuos, así como o das campañas de información ao público, imponse aos produtores, incluíndo, de ser o caso, os importadores.

Establécense criterios para a marcación e identificación das pilas, acumuladores e baterías que se poñan no mercado, así como para facilitar a súa extracción dos aparellos que as conteñen. Igual que xa se exige para outros tipos de residuos, establécese a obriga de inscribir nun rexistro especial as pilas e acumuladores que se poñan no mercado.

Finalmente, prevese o control e o seguimento da posta en práctica do real decreto, así como a información que deberán subministrar os responsables da posta no mercado das pilas e acumuladores ás administracións públicas e aos consumidores e a obriga de entregar as pilas, acumuladores e baterías usados que se impoñen aos seus posuidores.

Mediante a disposición derogatoria única quedan derogados os artigos 3.4 e 5.5 do Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión dos aceites industriais usados, relativo ás etiquetas dos envases de aceites industriais que se poñan no mercado, co fin de solucionar as cuestións formuladas pola Comisión Europea en ditame razoado.

Esta norma ten carácter básico e adopta a forma de real decreto porque, dada a natureza da materia regulada, resulta un complemento necesario para garantir a consecución da finalidade obxectiva a que responde a competencia estatal sobre bases.

Esta disposición foi sometida ao procedemento de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e de regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información, previsto na Directiva 98/34/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 22 de xuño, modificada pola Directiva 98/48/CE, do 20 de xullo, así como no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, que incorpora ambas as dúas directivas ao ordenamento xurídico español.

Na súa elaboración foron consultados as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Medio Ambiente, de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade e Consumo, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de febreiro de 2008,

DISPÓN O :

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto, de acordo cos principios de «quen contamina paga» e de responsabilidade do produtor:

a) Prever a xeración de residuos de pilas e acumuladores, facilitar a súa recollida selectiva e o seu correcto tratamento e reciclaxe, coa finalidade de reducir ao mínimo a súa perigosidade e de evitar a eliminación das pilas, acumuladores e baterías usados no fluxo de residuos urbanos non seleccionados.

b) Establecer normas relativas á posta no mercado de pilas, acumuladores e baterías e, en particular, á prohibición da posta no mercado de pilas e acumuladores que conteñan determinadas cantidades de substancias perigosas; e

c) Establecer normas específicas para a recollida, o tratamento, a reciclaxe e a eliminación dos residuos de pilas e acumuladores e promover un alto nivel de recollida e reciclaxe destes residuos.

Con estas medidas preténdese mellorar o rendemento ambiental das pilas, acumuladores e baterías e as actividades de todos os operadores implicados no seu ciclo de vida, como os produtores, distribuidores, usuarios finais e, en particular, os recicladores e demais xestores de residuos de pilas e acumuladores.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. Este real decreto aplicarase a todo tipo de pilas, acumuladores e baterías, independentemente da súa forma, volume, peso, composición ou uso. Así mesmo, será de aplicación ás pilas, acumuladores e baterías procedentes dos vehículos ao final da súa vida útil e dos aparellos eléctricos e electrónicos, regulados, respectivamente, no Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil, e no Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, sobre aparellos eléctricos e electrónicos e a xestión dos seus residuos e sen prexuízo do establecido nestes reais decretos.

2. Este real decreto non se aplicará ás pilas, acumuladores e baterías utilizados:

a) En equipamentos ligados á protección dos intereses esenciais de seguranza de España, armas, municións e material de guerra. Este real decreto si se aplicará ás pilas e acumuladores utilizados en produtos non destinados a fins especificamente militares.

b) En equipamentos destinados a ser enviados ao espazo.

Artigo 3. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, entenderase por:

a) Pila: fonte de enerxía eléctrica obtida por transformación directa de enerxía química e constituída por un ou varios elementos primarios (non recargables).

b) Acumulador: fonte de enerxía eléctrica xerada por transformación directa de enerxía química e constituída por un ou varios elementos secundarios (recargables).

c) Pila botón: pila ou acumulador, pequeno, portátil e de forma redonda, cuxo diámetro sexa maior que a súa altura, destinado a aparellos especiais, como audiófonos, reloxos, pequenos aparellos portátiles e dispositivos de reserva.

d) Pila estándar: pila de peso inferior a 1 kg, diferente das pilas botón, destinada a ser instalada en produtos de gran consumo ou profesionais.

e) Pila ou acumulador portátil: calquera pila, pila botón, acumulador ou batería que estea precintada, se poida levar na man e non sexa industrial nin de automoción, tales como, por exemplo, as pilas botón e estándar, e os acumuladores utilizados en teléfonos móbiles, videocámaras, luces de emerxencia e ferramentas portátiles.

f) Pila ou acumulador de automoción: pila ou acumulador utilizado para o arranque, acendido ou iluminación de vehículos.

g) Pila ou acumulador industrial: pila ou acumulador deseñado exclusivamente para uso industrial ou profesional ou utilizado en calquera tipo de vehículo eléctrico.

h) Batería: conxunto de pilas ou acumuladores conectados entre si, formando unha unidade integrada e pechada dentro dunha carcasa exterior non destinada a ser desmontada nin aberta polo usuario final. Exemplos de baterías son as de automoción e as industriais.

i) Residuo de pila ou acumulador: pila, acumulador ou batería que sexa un residuo, segundo o establecido no artigo 3.a) da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

j) Residuos perigosos de pilas ou acumuladores:

1.º Os residuos de pilas ou acumuladores correspondentes aos seguintes códigos da Orde MAM/304/2002, do 8 de febreiro, pola que se publican as operacións de valorización e eliminación de residuos e a lista europea de residuos:

16 06 01* (acumuladores e baterías de chumbo).

16 06 02* (acumuladores e baterías de Ni-Cd).

16 06 03* (pilas que conteñen mercurio).

20 01 33* (pilas, acumuladores e baterías especificados nos códigos anteriores que poidan xerarse como residuos en domicilios particulares, comercios, oficinas, servizos e lugares asimilables a estes, así como as fraccións sen clasificar que conteñan tales pilas ou acumuladores).

2.º Os residuos de pilas ou acumuladores que reúnan algunhas das características de perigosos comprendidas na Decisión 2001/118/CE da Comisión, do 16 de xaneiro de 2001, pola que se modifica a Decisión 2000/532/CE no que se refire á lista de residuos.

k) Reciclaxe: o reprocesamento dos materiais dos residuos cando se realice como proceso produtivo co obxecto de destinar eses materiais aos mesmos fins a que se destinaban orixinariamente, ou a outros distintos, exceptuando a recuperación da enerxía.

l) Eliminación: calquera das operacións previstas no anexo 1, parte A, da Orde do MMA/304/2002, do 8 de febreiro, ou norma que a substitúa.

m) Tratamento: calquera actividade realizada cos residuos de pilas ou acumuladores unha vez que fosen entregados a unha instalación para a súa clasificación final, preparación para a reciclaxe ou preparación para a eliminación.

n) Aparello: aparello eléctrico ou electrónico, tal como se define no Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, que se alimente ou poida ser alimentado, total ou parcialmente, por medio de pilas ou acumuladores.

ñ) Ferramenta eléctrica sen fíos: ferramenta ou aparello de uso manual alimentado por unha pila ou acumulador e destinado a actividades de mantemento, construción ou xardinaría.

o) Produtor: calquera persoa física ou xurídica que, con independencia da técnica de venda utilizada, poña por primeira vez no mercado as pilas ou acumuladores, incluídas as pilas ou acumuladores incorporados a aparellos ou vehículos, no marco dunha actividade profesional. Nas técnicas de venda utilizada inclúese a comunicación a distancia definida na Lei 47/2002, do 19 de decembro, de reforma da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio a retalho, para a transposición ao ordenamento xurídico español da Directiva 97/7/CE, en materia de contratos a distancia e para a adaptación da lei a diversas directivas comunitarias.

p) Distribuidor ou vendedor: calquera persoa física ou xurídica que subministre ou venda pilas ou acumuladores a un usuario final no marco dunha actividade profesional.

q) Posta no mercado: a subministración a un terceiro, ou a posta á súa disposición en territorio español, logo de pagamento ou a título gratuito, de pilas ou acumuladores fabricados en España, adquiridos en países da Unión Europea ou importados de países non pertencentes á Unión Europea.

r) Operadores económicos: os produtores, distribuidores, recolledores, recicladores e calquera outra persoa ou entidade pública ou privada que trate residuos de pilas e acumuladores.

s) Posuidor: calquera persoa física ou xurídica que teña no seu poder pilas, acumuladores ou baterías usados e que non teña a condición de operador económico.

t) Recollida selectiva: recollida das pilas, acumuladores e baterías usados de forma diferenciada doutros fluxos de residuos, de maneira que facilite a súa posterior clasificación, tratamento e reciclaxe.

u) Centro de almacenamento temporal: instalación destinada ao almacenamento e clasificación, previos ao reenvío ás plantas de tratamento e reciclaxe, dos residuos de pilas e acumuladores que fosen recollidos selectivamente.

v) Puntos de recollida selectiva: lugares establecidos polas administracións públicas competentes ou por operadores económicos para que o posuidor e o usuario final poidan depositar as pilas, acumuladores e baterías usados para o seu posterior traslado aos centros de almacenamento, tratamento e reciclaxe, tales como os contedores de recollida de pilas situados en espazos urbanos, establecementos comerciais e puntos limpos.

w) Sistema público de xestión: conxunto de operacións de xestión organizado por unha ou varias administracións públicas para a recollida selectiva, o traslado, o almacenamento, a clasificación, o tratamento, a reciclaxe ou a eliminación de pilas, acumuladores e baterías usados e residuos de pilas e acumuladores.

x) Sistema de xestión individual: conxunto de operacións de xestión organizado por un só produtor para cumprir as obrigas establecidas neste real decreto.

y) Sistema integrado de xestión: conxunto de operacións de xestión organizado por un grupo de produtores de pilas e acumuladores, xunto a outros operadores económicos que poidan estar lexitimamente interesados, para cumprir as obrigas establecidas neste real decreto.

z) Sistema de depósito, devolución e retorno: conxunto de operacións de xestión para cumprir as obrigas establecidas neste real decreto, caracterizado pola forma de recollida destes residuos que se realiza mediante o retorno da pila, batería ou acumulador usado, por parte do usuario final, ao seu vendedor ou distribuidor. Este, a cambio, devolveralle ao usuario final o importe adicional que lle cobrou, en concepto de depósito, cando lle vendeu a pila, acumulador ou batería.

aa) Índice de recollida: a porcentaxe resultante de dividir o peso dos residuos de pilas e acumuladores portátiles recollidos nun ano natural dado, conforme o 10 deste real decreto ou o Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, polo peso medio das pilas e acumuladores portátiles que os produtores vendan directamente aos usuarios finais, ou entreguen a terceiros para llelos vender aos usuarios finais, durante ese ano natural e os dous anos naturais precedentes.

CAPÍTULO II

Obrigas dos operadores

Artigo 4. *Prohibicións.*

1. Só se poderán pór no mercado en territorio español as pilas, acumuladores e baterías que reúnan todas e cada unha das condicións e requisitos exixidos neste real decreto. De se detectar, en calquera parte do territorio nacional, a comercialización de pilas, acumuladores ou baterías que non cumpran con estas condicións e requisitos, estes produtos serán inmediatamente retirados do mercado na forma establecida pola lexislación vixente.

2. O establecido no número anterior será tamén de aplicación ás pilas, acumuladores e baterías importados e aos adquiridos noutros países da Unión Europea. Nestes casos, no deseño e posta en práctica dos sistemas de recollida, tratamento e reciclaxe non se poderán implantar medidas que signifiquen trabas a estes produtos ou condicións discriminatorias, nin barreiras ao comercio ou distorsións da competencia.

3. Sen prexuízo do disposto no Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil, prohibese a posta no mercado de:

- a) Todas as pilas ou acumuladores, incorporados ou non a aparellos, que conteñan máis do 0,0005 por cento de mercurio en peso; e
- b) as pilas ou acumuladores portátiles, incluídos as pilas ou acumuladores que fosen incorporados a aparellos, que conteñan máis do 0,002 por cento de cadmio en peso.

4. A prohibición que figura no número 3.a) non se aplicará ás pilas botón cun contido de mercurio non superior ao 2 por cento en peso.

5. A prohibición do número 3.b) non se aplicará ás pilas e acumuladores portátiles destinados a ser utilizados en:

- a) Dispositivos de emerxencia e de alarma, incluída a iluminación de emerxencia;
- b) equipamentos médicos; ou
- c) ferramentas eléctricas sen fíos.

6. Prohíbese a incineración e a eliminación en vertedoiros de residuos de pilas e acumuladores industriais e de automoción. Non obstante, os residuos de calquera tipo de pilas e acumuladores que fosen sometidos a ambos os procesos de tratamento e reciclaxe, segundo o establecido no artigo 12, poderán ser eliminados en vertedoiros ou mediante incineración.

Artigo 5. *Obrigas derivadas da posta no mercado de pilas, acumuladores ou baterías destes produtos.*

1. En aplicación do artigo 7.1 da Lei 10/1998, do 21 de abril, todo produtor estará obrigado a se facer cargo da recollida e xestión da mesma cantidade, en peso e tipo de pilas, acumuladores e baterías usados que puxese no mercado, calquera que fose a modalidade de venda, ben sexa directa, electrónica, por correo ou automática. Tales recollida e xestión deberanse levar a cabo na forma establecida neste real decreto.

Para estes efectos, consideraranse, polo menos, os seguintes tipos de pilas e acumuladores:

- a) Pilas botón.
- b) Pilas estándar.
- c) Acumuladores portátiles.
- d) Pilas, acumuladores e baterías de automoción.
- e) Pilas, acumuladores e baterías industriais.
- f) Outros tipos.

A contabilización das devanditas cantidades farase por anos naturais e tomando para o seu cálculo a unidade de peso.

2. En aplicación do artigo 7.1.b) e c) da Lei 10/1998, do 21 de abril, o produtor farase cargo da recollida e xestión a que se refire o número anterior mediante algunha das seguintes modalidades:

- a) Contribuíndo economicamente aos sistemas públicos de xestión.
- b) Establecendo o seu propio sistema de xestión individual.
- c) Participando nun sistema integrado de xestión.
- d) Establecendo un sistema de depósito, devolución e retorno das pilas, acumuladores e baterías usados que puxese no mercado.

3. Os sistemas de recollida e xestión polos que opten os produtores, entre os indicados no número anterior, deberán estar dotados dos medios suficientes para cubrir todo o territorio en que se comercializasen os seus produtos e dunha rede de puntos de recollida selectiva periódica que sexa suficiente a xuízo da autoridade competente para a súa autorización en cada unha das comunidades autónomas onde se comercialicen. Unha vez recollidos e clasificados, os residuos de pilas e acumuladores serán trasladados a plantas autorizadas de tratamento e reciclaxe.

4. As empresas ou entidades que realicen operacións de xestión de residuos de pilas ou acumuladores que teñan a consideración xurídica de residuos perigosos deberán estar autorizadas como xestoras de residuos perigosos, para os efectos do artigo 22 da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos. No caso de que algunha destas operacións de xestión a realice directamente a entidade xestora ou responsable dun sistema de xestión polos seus propios medios, esta deberá contar coa autorización de xestor de residuos perigosos.

Non terán a consideración de xestores de residuos os responsables dos puntos de recollida selectiva, públicos ou privados, que se limiten a recibir nos seus establecementos as pilas ou baterías usadas para a súa entrega a un xestor.

5. As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, velarán por que todos os operadores económicos e autoridades públicas competentes poidan participar nos sistemas de recollida, tratamento e reciclaxe.

6. Os produtores de pilas, acumuladores ou baterías comunicaranlle a súa condición de produtor á autoridade competente da comunidade autónoma onde radique a súa sede e ao Rexistro de establecementos industriais.

7. Os produtores de pilas, acumuladores e baterías que, unha vez usados, dean lugar a residuos que teñan a consideración xurídica de perigosos, deberán garantir o cumprimento das obrigas previstas neste real decreto, ben mediante a súa posta no mercado a través dun sistema de depósito, devolución e retorno, ben a través dun sistema integrado de xestión cuxa entidade xestora asegure a consecución dos obxectivos ecolóxicos e demais obrigas previstos nesta norma, ben a través dun sistema público de xestión.

CAPÍTULO III

Sistemas de xestión

Artigo 6. *Sistemas públicos de xestión.*

1. Para os efectos de cumprir coas obrigas establecidas no artigo 5.1, nos lugares en que se implantasen sistemas públicos de xestión debidamente autorizados polos órganos competentes das administracións públicas que correspondan, os produtores de pilas, acumuladores ou baterías poderán participar nestes sistemas, asumindo en todo caso a súa parte alícuota de responsabilidade correspondente ás cantidades que poñan no mercado, dentro do ámbito territorial en que actúen os citados sistemas públicos de xestión.

2. Os sistemas públicos de xestión deberán estar dotados de puntos de recollida selectiva, habilitados polas entidades locais ou comunidades autónomas que os organicen, onde os posuidores e usuarios finais de pilas, acumuladores ou baterías usados os poidan depositar gratuitamente para a súa posterior xestión conforme o disposto neste real decreto.

Artigo 7. *Sistemas de xestión individual.*

1. Os produtores de pilas, acumuladores ou baterías poderán cumprir as obrigas exixidas no artigo 5.1 establecendo o seu propio sistema de xestión individual debidamente autorizado polo órgano competente da comunidade autónoma en que se implante.

2. Mediante este sistema de xestión individual o produtor organizará directamente ao seu cargo as operacións de xestión correspondentes aos residuos de pilas ou acumuladores que puxese no mercado. Cando, de conformidade co artigo 6.1, o produtor opte por contribuír a sistemas públicos de xestión implantados no seu ámbito territorial sufragando o custo que lle corresponda, deberá, non obstante, organizar ao seu cargo as operacións restantes que non preste o sistema público.

3. Para efectos de obterem a autorización a que se refire o número 1, os produtores deberán solicitar autorización ante o órgano competente da comunidade autónoma, xuntando a documentación acreditativa da creación do citado sistema, que deberá conter, polo menos, a seguinte información:

a) Identificación, domicilio e nacionalidade do produtor, especificando NIF, fabricante, adquirente na Unión Europea ou importador.

b) Cantidades (en pesos e unidades) e tipos de pilas, acumuladores e baterías postas no mercado durante cada un dos dous anos anteriores á data de presentación da documentación.

c) Ámbito de aplicación territorial do sistema de xestión.

d) Identificación e domicilio das empresas ou entidades que realicen as operacións de xestión, incluídas as plantas de tratamento e reciclaxe.

e) Identificación e localización dos medios de xestión, tales como puntos de recollida selectiva, unidades de transporte e diagramas de rutas.

f) Descrición do conxunto de operacións que comprende o sistema.

g) Contrato ou documento de compromiso suscrito entre o produtor e as plantas de tratamento e reciclaxe.

h) Cantidades e porcentaxes, en pesos, previstas de residuos de pilas e acumuladores que se recollerán, tratarán e reciclarán anualmente, e porcentaxes de reciclaxe dos materiais que conteñen.

i) Mecanismos de seguimento, control de funcionamento e verificación dos datos facilitados segundo a alínea anterior.

j) Forma de financiamento do sistema.

k) Procedementos de recollida de datos, validación destes e subministración da información ás administracións públicas.

l) Identificación do símbolo acreditativo do sistema de xestión individual.

As autorizacións concederanse por períodos de validez de cinco anos e serán renovables.

4. Cando un produtor de pilas, acumuladores ou baterías cumpra as obrigas previstas neste real decreto establecendo un sistema de xestión individual, a empresa produtora de que sexa titular someterase a unha auditoría, realizada por unha entidade independente, que verifique cada ano o grao de cumprimento das devanditas obrigas, cando así estea previsto na normativa das comunidades autónomas.

Artigo 8. *Sistemas integrados de xestión.*

1. Os produtores de pilas, acumuladores ou baterías poderán cumprir as obrigas exixidas polo artigo 5.1 a través de sistemas integrados de xestión.

2. Os sistemas integrados de xestión deberán ser autorizados polas comunidades autónomas en que se implanten territorialmente. Esta autorización publicarse no correspondente diario oficial e nela estableceranse os requisitos e garantías técnicas, organizativas, económicas, loxísticas e operativas necesarias para cumprir o establecido neste real decreto.

A solicitude de autorización dos sistemas integrados de xestión deberá ir acompañada de, polo menos, a seguinte información:

a) Identificación e domicilio da entidade xestora do sistema integrado de xestión, que deberá ter personalidade xurídica propia e constituírse sen ánimo de lucro.

b) Identificación dos produtores adheridos ao sistema integrado de xestión, especificando o grupo de produtores para os cales se organicen operacións de depósito, devolución e retorno de acordo co artigo 9.1.

c) Identificación doutros operadores económicos adheridos ao sistema, detallando a forma en que participan neste.

d) Descrición do conxunto de operacións que comprende o sistema integrado de xestión, incluídas as operacións de depósito, devolución e retorno que se organicen de acordo co artigo 9.1.

e) Identificación dos acordos existentes establecidos con outros sistemas integrados de xestión e dos contidos deses acordos relevantes para os efectos deste real decreto.

f) Identificación e domicilio das empresas ou entidades ás cales se lles asignen as operacións de xestión, tratamento e reciclaxe.

g) Identificación e situación das plantas ou instalacións que se fagan cargo dos residuos para o seu tratamento e reciclaxe.

h) Documento de compromiso suscrito entre a entidade xestora do sistema e as plantas de tratamento e reciclaxe.

i) Ámbito de aplicación territorial do sistema integrado de xestión.

j) Identificación e localización dos medios de xestión, tales como puntos de recollida selectiva, unidades de transporte e diagramas de rutas, incluíndo os establecementos de venda e recollida das pilas e acumuladores correspondentes ás operacións de depósito, devolución e retorno que se organicen de acordo co artigo 9.1.

k) Cantidades (en pesos e unidades) e tipos de pilas e acumuladores postas no mercado, durante os dous anos anteriores á solicitude, polo conxunto e por cada un dos produtores adheridos ao sistema integrado de xestión.

l) Cantidades e porcentaxes, en pesos, previstas de residuos de pilas e acumuladores que se recollerán, tratarán e reciclarán anualmente, e porcentaxes de reciclaxe dos materiais que conteñen.

m) Mecanismos de seguimento, control de funcionamento e verificación dos datos facilitados segundo a alínea anterior.

n) Mecanismos de financiamento do sistema integrado de xestión e garantía prestada.

o) Procedementos de recollida de datos, validación destes e subministración da información ás administracións públicas.

p) Identificación do símbolo acreditativo do sistema integrado de xestión.

As autorizacións que se concedan aos sistemas integrados de xestión serán temporais, outorgaranse por un período máximo de cinco anos e poderán ser renovadas por períodos sucesivos.

3. Para os efectos da aplicación deste real decreto, os sistemas integrados de xestión establecerán convenios de colaboración coas entidades locais e comunidades autónomas; na negociación e posta en práctica destes convenios participarán ambas as dúas administracións de conformidade coas súas respectivas competencias. Nos citados convenios estableceranse, ademais destes obxectivos ecolóxicos, as condicións de recollida, almacenamento, tratamento e eliminación dos materiais contidos nas pilas, acumuladores e baterías usados.

4. A entidade xestora do sistema someterase a unha auditoría, realizada por unha entidade independente, que verifique cada ano o grao de cumprimento das obrigas, cando así estea previsto na normativa das comunidades autónomas.

5. Para acadar os obxectivos establecidos neste real decreto, os sistemas integrados de xestión financiaranse a través das cotas ou contribucións dos produtores das pilas, acumuladores e baterías, e as súas entidades xestoras deberán garantir a súa solvencia económica ante as autoridades das comunidades autónomas mediante algún dos medios seguintes:

a) Informe de institucións financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) Tratándose de persoas xurídicas, presentación das contas anuais elaboradas polas normas por que se rexan, ou, no seu defecto, de acordo coas normas de adaptación do Plan xeral de contabilidade ás entidades sen fins lucrativos, aprobadas polo Real decreto 776/1998, do 30 de abril, no suposto de que a publicación destas sexa obrigatoria nos Estados onde aquelas estean establecidas.

c) Declaración relativa á cifra de negocios global e das obras, subministracións, servizos ou traballos realizados pola entidade no curso dos tres últimos exercicios.

d) Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

6. O símbolo identificativo do sistema integrado de xestión deberá figurar, de forma visible, en cada unidade de venda que poida ser adquirida polo consumidor ou usuario.

Artigo 9. *Sistema de depósito, devolución e retorno.*

1. Para os efectos do artigo 7.1.c) e da disposición derradeira cuarta da Lei 10/1998, do 21 de abril, os produtores de pilas, acumuladores ou baterías poderán cumprir as obrigas exixidas no artigo 5.1 establecendo o seu propio sistema de depósito, devolución e retorno debidamente autorizado polo órgano competente da comunidade autónoma en que se implante. Calquera sistema de depósito, devolución e retorno poderá ser organizado e funcionar dentro dun sistema integrado de xestión.

2. Os produtores que utilicen este sistema de xestión estarán obrigados a garantir que os vendedores ou distribuidores das súas pilas, acumuladores ou baterías postos no mercado:

a) Cobren, en concepto de depósito, aos consumidores ou usuarios finais que compren estes produtos un importe adicional por cada pila, acumulador ou batería que sexa obxecto de venda. En ningún caso este importe poderá ser cobrado en concepto de custo pola xestión deste produto como residuo.

b) Acepten do consumidor ou usuario final o retorno das pilas, acumuladores ou baterías usados que puxesen no mercado, devolvéndolle a cambio a mesma cantidade adicional que lle cobraron de acordo coa letra anterior.

c) Distingan ou acrediten as pilas, acumuladores ou baterías que se xestionen mediante este sistema, de tal forma que poidan ser claramente identificables á hora da súa venda e retorno para a súa posterior xestión como residuo.

3. Para facilitar as operacións indicadas no número anterior, os produtores ou responsables do sistema dotarán os establecementos dos vendedores ou distribuidores de contedores especiais axeitados que permitan o depó-

sito e a debida clasificación das pilas, acumuladores e baterías usados devoltos polo consumidor.

4. O importe en concepto de depósito a que fai referencia o número 2 será fixado mediante orde do Ministerio de Medio Ambiente, logo de acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente e informe dos ministerios afectados, para cada tipo de pila, acumulador ou batería e na contía suficiente para garantir o retorno destes produtos despois de usados.

5. Os produtores que establezan o seu propio sistema de depósito, devolución e retorno deberán solicitar autorización ante o órgano competente das comunidades autónomas que correspondan xuntando a documentación acreditativa da creación do citado sistema. Esta documentación deberá conter a mesma información que se indica no artigo 7.3, engadindo, ademais, a identificación dos vendedores das súas pilas e acumuladores postas no mercado, así como a situación dos establecementos de venda e recollida destes produtos.

6. Cando un produtor de pilas, acumuladores ou baterías cumpra as obrigas que lle son exixibles en aplicación deste real decreto establecendo un sistema de depósito, devolución e retorno, a empresa produtora de que sexa titular someterase a unha auditoría, realizada por unha entidade independente, que verifique cada ano o grao de cumprimento das citadas obrigas, cando así se estableza na normativa das comunidades autónomas.

CAPÍTULO IV

Recollida, tratamento e reciclaxe

Artigo 10. *Recollida dos residuos de pilas e acumuladores portátiles.*

1. A recollida dos residuos de pilas e acumuladores portátiles deberase realizar mediante procedementos específicos de recollida selectiva. Para iso, crearanse redes de puntos de recollida selectiva distribuídos de acordo coa densidade de poboación e en número suficiente, accesibles e próximos ao posuidor ou usuario final; en calquera caso, a entrega polo posuidor ou usuario final será sen custo ningún para estes, que non estarán obrigados a adquirir pilas ou acumuladores novos.

Estes procedementos poderanse utilizar en conxunción cos sistemas a que se refire o artigo 7 do Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro.

2. No caso dos puntos de recollida selectiva situados nos establecementos dos distribuidores, os procedementos a que se refire o número anterior estarán organizados de maneira que os distribuidores estarán obrigados a aceptar o retorno das pilas e acumuladores portátiles usados sen cargo ningún para os seus posuidores ou usuarios finais, e tampouco lles poderán exixir a estes a compra ou adquisición de pilas ou acumuladores portátiles novos.

En todo caso, no momento de subministrar pilas ou acumuladores portátiles, os distribuidores destes produtos estarán obrigados a aceptar, sen cargo ningún para o posuidor ou usuario final, a devolución das pilas e acumuladores portátiles usados.

Mediante orde do Ministerio de Medio Ambiente, co acordo pervio da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, fixaranse os criterios para eximir das obrigas establecidas no parágrafo anterior, sempre que, realizada unha avaliación independente dos logros ecolóxicos dos procedementos de recollida selectiva alternativos, se poña de manifesto que se alcanzan con eles os obxectivos ambientais establecidos neste real decreto. A citada avaliación farase pública.

3. Os puntos de recollida selectiva a que se refire o número 1 non estarán suxeitos ao réxime de autorización establecido na Lei 10/1998, do 21 de abril.

4. No ámbito xeográfico das entidades locais, a recollida selectiva das pilas e acumuladores portátiles usados xerados en domicilios particulares, comercios, oficinas ou servizos, ou outros lugares asimilables a estes, e o seu transporte desde os puntos de recollida selectiva ata os centros de almacenamento temporal, antes da súa entrega ás plantas de tratamento e reciclaxe, deberanos realizar os servizos dos sistemas públicos de xestión organizados polas entidades locais competentes na forma que estableza a lexislación en materia de réxime local e as respectivas ordenanzas.

Alternativamente, e logo de autorización ou concesión das entidades locais competentes, a recollida e transporte a que fai referencia o parágrafo anterior tamén se poderá realizar mediante algunha das seguintes modalidades:

a) A través doutros servizos públicos de titularidade local ou autonómica. No caso de mancomunidades de varios municipios, observarase o que decidan as correspondentes autoridades locais.

b) A través de servizos de recollida concertados entre as entidades locais correspondentes e operadores económicos ou outras organizacións privadas, oficialmente autorizados pola comunidade autónoma correspondente.

c) Mediante os servizos postos en funcionamento polos sistemas integrados de xestión ou sistemas de xestión individual.

d) Por medio dos servizos doutros xestores oficialmente autorizados polas comunidades autónomas en cuxo ámbito territorial actúen.

5. Nos puntos de recollida selectiva deberase expor ao público a información suficiente que facilite e permita unha correcta operación de depósito no propio punto, así como unha primeira clasificación das pilas e acumuladores usados, en función de tipos e tamaños, separando, polo menos, as pilas botón do resto de pilas e acumuladores.

6. Nos centros de almacenamento temporal procederase a unha nova clasificación das pilas e acumuladores portátiles usados recibidos, que se levará a cabo separando as pilas e acumuladores caracterizados como residuos perigosos, mediante a segregación de, polo menos, os residuos de pilas botón, pilas estándar, acumuladores portátiles que conteñan cadmio ou chumbo, restantes acumuladores portátiles e outros tipos de pilas portátiles. Os residuos de pilas ou acumuladores caracterizados como perigosos, tales como os residuos de pilas botón e de acumuladores con cadmio ou chumbo, entregaranse a un xestor autorizado de residuos perigosos; as restantes clases de pilas e acumuladores consideraranse, salvo proba en contrario, residuos non perigosos, que se entregarán a un xestor autorizado deste tipo de residuos.

7. Os produtores garantirán, mediante o seu propio sistema de xestión individual, a través de terceiros ou mediante sistemas integrados de xestión, o transporte destes residuos desde os centros de almacenamento temporal ata as plantas de tratamento e reciclaxe.

8. No suposto de produtores que establecesen sistemas de depósito, devolución e retorno, será a súa propia organización ou servizo os que se encarguen de recoller os residuos das pilas, acumuladores e baterías que puxese no mercado e trasladalos directamente desde os establecementos dos distribuidores ou vendedores ata as plantas de tratamento e reciclaxe ou ata os centros de almacenamento temporal para o seu posterior reenvío, ao seu cargo, ás plantas de tratamento e reciclaxe.

9. As operacións a que se refiren os números anteriores executaranse cumprindo os seguintes requisitos:

a) Os servizos de recollida deberán dispor de dotacións e capacidade suficientes para garantir o cumprimento dos obxectivos establecidos neste real decreto.

b) As operacións de recollida, almacenamento e transporte deberán ser gratuítos para o posuidor ou usuario final.

Artigo 11. *Recollida dos residuos de pilas e acumuladores industriais ou de automoción.*

1. A recollida dos residuos de pilas, acumuladores e baterías industriais ou de automoción e o seu traslado ás plantas de tratamento e reciclaxe deberanos realizar preferentemente ben os propios produtores ben os servizos dos sistemas de xestión establecidos por eles, logo de autorización das comunidades autónomas. As operacións de recollida, almacenamento e transporte destes residuos deberán ser gratuítas para o posuidor ou usuario final. Estes produtores poderán subscribir acordos voluntarios con outros operadores económicos, ou con terceiros, para facilitar os servizos de recollida e traslado ás instalacións autorizadas que correspondan para a súa correcta xestión ambiental.

2. Os produtores de pilas, acumuladores e baterías de automoción, ou terceiros que actúen no seu nome, articularán sistemas de recollida que lle permitan ao usuario final devolverlos directamente despois de usados, ou desprenderse deles, nun punto de recollida selectiva accesible e próximo, cando non se recollan mediante o sistema de entrega previsto no artigo 4 do Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, sobre xestión de vehículos ao final da súa vida útil.

No caso de pilas, acumuladores e baterías de automoción usados, procedentes de vehículos privados non destinados a usos comerciais, os sistemas de recollida non suporán nin custo ningún para o usuario final ao devolverlos ou desprenderse deles nos puntos de recollida selectiva nin a obriga de comprar unha pila, acumulador ou batería nova.

3. Os produtores de pilas, acumuladores e baterías industriais, ou terceiros que actúen no seu nome, quedan obrigados a aceptar dos posuidores ou usuarios finais as pilas, acumuladores e baterías industriais usados que lles sexan entregados, e iso sen custo ningún para os devanditos posuidores ou usuarios finais. Estas obrigas sonlles exixibles con independencia da composición química ou orixe destas pilas, acumuladores e baterías usadas. As pilas, acumuladores e baterías industriais tamén poderán ser recollidos por terceiros independentes, logo de autorización dun órgano competente da comunidade autónoma onde se realice a recollida.

Artigo 12. *Tratamento e reciclaxe.*

1. Todos os residuos de pilas e acumuladores recollidos segundo o disposto nos artigos 10 e 11, ou de acordo co establecido no Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, serán sometidos a tratamento e reciclaxe. A partir do 31 de decembro de 2008 deberanse utilizar procedementos que se axusten, como mínimo, ao exixido neste real decreto e ao resto de lexislación en vigor en materia de residuos, da saúde e seguranza.

2. O tratamento e reciclaxe dos residuos de pilas e acumuladores deberán ser realizados en instalacións autorizadas, aplicando o principio de proximidade, establecidas polos produtores ou por terceiros, debéndose utilizar, a partir do 26 de setembro de 2009, as mellores técnicas dispoñibles para a protección da saúde e do medio.

O tratamento e reciclaxe poderán ser realizados tamén en plantas situadas noutro Estado membro da Unión Europea ou fóra desta comunidade. Nestes casos, o transporte transfronteirizo farase de acordo co Regulamento (CE) 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2006, relativo aos traslados de residuos e, se é o caso, co Regulamento (CE) 1418/2007 da Comisión, do 29 de novembro de 2007, relativo á exportación, con fins de valorización, de determinados residuos enumerados nos anexos III ou IIIA do Regulamento (CE) 1013/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, a determinados paí-

ses aos cales non é aplicable a Decisión da OCDE sobre o control dos movementos transfronteirizos de residuos.

Para os residuos de pilas e acumuladores exportados fóra da Unión Europea, deberase acreditar que as operacións de tratamento e reciclaxe se levan a cabo en condicións equivalentes ás exixidas neste real decreto e en plantas de tratamento que dispoñan, polo Estado onde estean situadas, de autorización equivalente á exixida na normativa comunitaria.

3. As operacións de tratamento deberán axustarse aos requisitos mínimos previstos na parte A do anexo III.

Cando os residuos de pilas e acumuladores sexan recollidos conxuntamente cos residuos de aparellos eléctricos e electrónicos segundo o Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro, as pilas e acumuladores deberán ser extraídos do interior destes residuos.

4. Os procesos de reciclaxe axustaranse ás disposicións e niveis de eficiencia de reciclaxe establecidos na parte B do anexo III, antes do 26 de setembro de 2011.

5. O Ministerio de Medio Ambiente informará a Comisión Europea sobre os niveis de reciclaxe alcanzados en cada ano natural e sobre os niveis de eficiencia mínimos que se cumprisen, aos cales se refire a parte B do anexo III, dentro dos seis meses seguintes ao citado ano.

Artigo 13. Medidas de prevención, de mellora do rendemento ambiental de pilas e acumuladores e de fomento de novas tecnoloxías de tratamento e reciclaxe.

As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias:

a) Promoverán a investigación e fomentarán as melloras no rendemento ambiental das pilas, acumuladores e baterías durante todo o seu ciclo de vida, así como o desenvolvemento e a comercialización de pilas, acumuladores e baterías que conteñan cantidades menores de substancias perigosas ou que conteñan substancias menos contaminantes, en particular as substitutivas do mercurio, cadmio e chumbo nestas aplicacións.

b) Fomentarán o desenvolvemento de novas tecnoloxías de tratamento e reciclaxe, e promoverán a investigación de novos métodos de reciclaxe, ambientalmente máis respectuosos e economicamente máis eficientes en termos custo/beneficio, para todos os tipos de pilas e acumuladores.

c) Promoverán que as instalacións de tratamento e reciclaxe utilicen procedementos de xestión ambiental debidamente certificados de acordo co Regulamento 761/2001/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de marzo de 2001, polo que se permite que as organizacións se adhiran con carácter voluntario a un sistema comunitario de xestión de auditoría ambiental (EMAS), así como de sistemas de calidade e seguranza laboral debidamente certificados.

d) Fomentarán o consumo prioritario das pilas, acumuladores e baterías indicados na letra anterior, mediante programas de concienciación cidadá, campañas e outras iniciativas similares en materia de residuos.

e) Promoverán, mediante instrumentos económicos, a recollida de residuos de pilas e acumuladores ou fomentarán o uso de pilas e acumuladores con substancias menos contaminantes. Cando se adopten estes instrumentos, o Ministerio de Medio Ambiente informará a Comisión Europea sobre as medidas adoptadas.

CAPÍTULO V

Financiamento

Artigo 14. Financiamento da recollida e xestión dos residuos de pilas e acumuladores.

1. Todos os custos das operacións de recollida e xestión dos residuos de pilas e acumuladores portátiles,

industriais e de automoción, levadas a cabo en aplicación dos artigos 10 e 11, respectivamente, incluídos os de recollida selectiva, transporte, clasificación, almacenamento temporal, tratamento e reciclaxe, serán sufragados polos produtores segundo o sistema de xestión utilizado.

2. No caso específico das pilas, acumuladores e baterías recollidos en aplicación dos reais decretos 1383/2002, do 20 de decembro, e 208/2005, do 25 de febreiro, o custo das operacións de recollida e xestión, incluídos o transporte, clasificación, almacenamento temporal, tratamento e reciclaxe, será sufragado polos produtores desas pilas, acumuladores e baterías, sen que en ningún caso poida dar lugar a unha duplicación de custos para unha mesma operación de xestión. Para o cumprimento desta obriga, os devanditos produtores poderán subscribir acordos cos produtores dos vehículos, ou cos sistemas integrados de xestión de vehículos fóra de uso e cos centros autorizados de tratamento (CAT), regulados no Real decreto 1383/2002, do 20 de decembro, así como cos produtores de aparellos eléctricos e electrónicos ou os sistemas integrados de xestión dos seus residuos, regulados no Real decreto 208/2005, do 25 de febreiro.

3. No caso de que os produtores opten pola creación de sistemas integrados de xestión para asumir esta obriga, deberán asegurar o seu financiamento mediante a achega dunha cantidade por cada pila ou acumulador que poñan por primeira vez no mercado nacional, cantidade que será proporcional ao impacto ambiental dos seus compoñentes, en particular dos metais pesados que conteñan, e aos custos de xestión, tratamento e reciclaxe dos seus residuos. Esta cantidade, que deberá ser a mesma en todo o ámbito territorial do sistema integrado de xestión de que se trate, non terá a consideración de prezo e o seu aboamento dará dereito a utilizar o símbolo acreditativo do sistema.

4. Para os efectos de facilitar o control e seguimento do financiamento dos sistemas integrados de xestión e garantir a súa máxima transparencia e rastrexabilidade, os produtores de pilas e acumuladores adheridos aos devanditos sistemas, na posta no mercado dos seus produtos, deberán identificar e declarar a contribución ao sistema por unidade de cada categoría de pilas e acumuladores, especificándoo na factura de venda, tendo en conta que, cando o importe da contribución ao sistema integrado de xestión non estea identificada, se presumirá, salvo proba en contrario, que a achega económica que corresponda polas pilas ou acumuladores postos no mercado non foi satisfeita ao sistema integrado de xestión. Os custos das operacións de recollida, tratamento e reciclaxe non se indicarán por separado, en ningún caso, aos usuarios finais no momento da venda de pilas ou acumuladores portátiles novos.

5. Os produtores estarán obrigados a facilitar a comprobación, por parte dos responsables dos distintos sistemas de recollida, da cantidade e tipos de pilas e acumuladores que poñan no mercado. Os produtores adheridos a algún sistema integrado de xestión terán esta mesma obriga con respecto ao propio sistema integrado de xestión. Os distribuidores ou vendedores facilitarán aos sistemas integrados de xestión información debidamente acreditada da cantidade e tipo de pilas e acumuladores que subministren ou vendan ao usuario final.

6. Os produtores ou, se é o caso, os sistemas integrados de xestión ou outras entidades que actúen en nome dos produtores financiarán os custos derivados da realización de campañas de información ao público sobre recollida, tratamento e reciclaxe dos residuos de pilas e acumuladores portátiles. Estas campañas deberán ser aprobadas polas comunidades autónomas.

7. Este artigo é de aplicación para todos os residuos de pilas e acumuladores, independentemente da data da súa posta no mercado.

CAPÍTULO VI

Obxectivos e control da xestión**Artigo 15. *Obxectivos ecolóxicos de recollida.***

1. O índice de recollida calcularase por primeira vez respecto do ano 2011. As cifras anuais de recollida e de vendas incluírán as pilas e acumuladores incorporados a aparellos.

2. Sen prexuízo das obrigas dos produtores establecidas no artigo 5, deberanse alcanzar os seguintes índices mínimos de recollida de residuos de pilas e acumuladores portátiles no conxunto do territorio nacional:

- a) O 25 por cento, a partir do 31 de decembro de 2011.
- b) O 45 por cento, a partir do 31 de decembro de 2015.

3. Sen prexuízo das obrigas dos produtores establecidas no artigo 5, deberanse alcanzar os seguintes obxectivos mínimos de recollida de residuos de pilas e acumuladores de automoción no conxunto do territorio nacional:

a) A partir do 31 de decembro de 2009: recollida anual do 90 por cento en peso das pilas, acumuladores e baterías de automoción vendidos aos usuarios no ano precedente ao da recollida.

b) A partir do 31 de decembro de 2011: recollida anual do 95 por cento en peso das pilas, acumuladores e baterías de automoción vendidos aos usuarios no ano precedente ao da recollida.

4. Sen prexuízo das obrigas dos produtores establecidas no artigo 5, a partir do 31 de decembro de 2011 deberase alcanzar, como mínimo, o obxectivo de recollida anual para o conxunto do territorio nacional do 95 por cento en peso dos residuos de pilas, acumuladores e baterías industriais que conteñan cadmio xerados no ano precedente ao da recollida.

5. No caso de comunidades autónomas que teñan aprobado un plan de xestión de residuos de pilas e acumuladores con obxectivos ecolóxicos máis exixentes, os produtores, calquera que sexa o sistema de xestión utilizado, deberán asegurar tamén o cumprimento deses obxectivos adicionais.

6. As comunidades autónomas supervisarán os índices de recollida cada ano, seguindo o esquema que figura no anexo I, e deberán informar o Ministerio de Medio Ambiente para que este departamento envíe á Comisión Europea os informes anuais correspondentes dentro dos primeiros seis meses do ano seguinte a que se refiran eses informes, sen prexuízo do disposto no Regulamento (CE) n.º 2150/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2002, relativo ás estatísticas sobre residuos. Os informes indicarán o modo en que se solicitaron os datos necesarios para calcular os índices de recollida.

Artigo 16. *Marcación e identificación de pilas, acumuladores e baterías.*

1. Antes do 26 de setembro de 2009, os produtores de pilas e acumuladores portátiles e de automoción, e das baterías compostas por algún destes produtos, deberán indicar neles a súa capacidade enerxética, de forma visible, lexible e indeleble.

2. Así mesmo, correspóndelles aos produtores a obriga de marcar o símbolo de recollida selectiva que se indica no anexo II na superficie exterior das pilas, acumuladores e baterías que poñan no mercado.

3. As pilas, acumuladores e pilas botón que conteñan máis do 0,0005 por cento de mercurio, máis do 0,002 por cento de cadmio ou máis do 0,004 por cento de chumbo irán marcados, nas condicións que establece o anexo II, co símbolo químico do metal correspondente:

Hg, Cd ou Pb. O símbolo, coa indicación do contido de metal pesado, irá impreso baixo o símbolo gráfico que figura no anexo II e abranguerá unha área de, polo menos, unha cuarta parte do tamaño deste.

4. O símbolo gráfico que figura no anexo II cubrirá o 3 por cento, como mínimo, da superficie do lado máis grande da pila, acumulador ou batería, ata un tamaño máximo de 5 x 5 cm. No caso de pilas ou acumuladores cilíndricos, o símbolo cubrirá o 1,5 por cento, como mínimo, da superficie da pila ou acumulador e terá un tamaño máximo de 5 x 5 cm.

5. Se o reducido tamaño da pila, acumulador ou batería obriga a que o símbolo ocupe menos de 0,5 x 0,5 cm, non será necesario marcar a pila, acumulador ou batería, senón que se imprimirá un símbolo de 1 x 1 cm, como mínimo, no envase que os conteña ou nos propios aparellos cando aqueles estean incorporados nestes.

6. Os símbolos estampananse de xeito visible, lexible e indeleble.

7. Estes símbolos tamén deberán figurar no certificado de garantía e nas instrucións de uso dos aparellos que leven incorporados pilas ou acumuladores, resaltando a prohibición de os eliminar mesturados cos residuos domésticos.

Artigo 17. *Extracción das pilas e acumuladores dos aparellos que os conteñen.*

1. Os fabricantes de aparellos que conteñan pilas ou acumuladores deberanos deseñar de tal forma que poidan ser extraídos con facilidade, salvo que, por razóns de seguranza, rendemento, de orde médica ou de mantemento de datos, a continuidade da alimentación da enerxía sexa necesaria e requira unha conexión permanente entre o aparello e a pila ou acumulador.

2. Os aparellos deberán ir acompañados de información para o usuario sobre o tipo de pilas e acumuladores necesarios para o seu funcionamento. Así mesmo, levarán instrucións precisas que indiquen a forma de extraer as pilas e acumuladores con seguranza, agás nos casos do número anterior.

Artigo 18. *Información ás administracións públicas.*

1. Antes do 1 de abril de cada ano, os produtores ou responsables dos sistemas de xestión establecidos de conformidade co artigo 5.2, incluído os sistemas de depósito, devolución e retorno, remitirán ás autoridades competentes en materia de residuos das comunidades autónomas onde estean implantados un informe anual sobre as súas actividades que conteña os seguintes datos:

a) Actividades de xestión realizadas e medios utilizados durante o ano natural precedente á devandita data.

b) Cantidades por tipos, en peso e unidades, das pilas, acumuladores e baterías que os produtores puxesen por primeira vez no mercado durante cada un dos tres anos naturais precedentes.

c) Cantidades por tipos, en peso e unidades, de pilas, acumuladores e baterías exportadas ou transferidas polos produtores a outros países durante cada un dos tres anos naturais precedentes.

d) Cantidades en peso dos residuos de pilas e acumuladores recollidos e xestionados polo sistema durante o ano natural precedente.

e) Índices de recollida alcanzados e calquera outra circunstancia necesaria para comprobar o grao de cumprimento co establecido neste real decreto e nos plans nacionais, autonómicos e locais sobre residuos de pilas e acumuladores que estean en vigor.

f) Se é o caso, contribución aos sistemas públicos de xestión polos cales optasen os produtores, sinalando as operacións cubertas polo sistema público.

g) Xustificación da determinación do volume de vendas destes produtos mentres non se regule o correspondente método de cálculo.

Esta información irá acompañada dos informes das auditorías realizadas aos citados sistemas, a que se refiren os artigos 7.4, 8.4 e 9.6.

2. Para cumprir a obriga de subministrar información á Comisión Europea, as autoridades competentes das comunidades autónomas remitirán anualmente á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, antes do 1 de xuño de cada ano, a seguinte información referida ao seu ámbito territorial e ao ano precedente:

- a) As cantidades, en peso e unidades, de pilas, acumuladores e baterías postos no mercado.
- b) As cantidades, en peso, dos residuos de pilas e acumuladores xerados.
- c) As cantidades, en peso, dos residuos de pilas e acumuladores realmente recollidos e reciclados.
- d) As novas técnicas de reciclaxe e tratamento implantadas polos xestores autorizados.
- e) Os sistemas de xestión establecidos e os distintos operadores económicos que participan neles.
- f) As innovacións e medidas adoptadas polos produtores para reducir o contido de metais pesados e outras substancias perigosas nas pilas e acumuladores.
- g) As actividades de investigación levadas a cabo nestes ámbitos.
- h) As medidas adoptadas para fomentar a prevención destes residuos.
- i) Os restantes datos, debidamente desagregados, necesarios para a comprobación de que se cumpre este real decreto, obtidos dos informes anuais dos produtores e responsables dos sistemas de xestión a que se refire o número 1.

Se excepcionalmente non for posible dispor dalgún dato cuantitativo necesario, as autoridades competentes das comunidades autónomas realizarían unha estimación deste o máis aproximada posible.

3. O Ministerio do Medio Ambiente, coas informacións recibidas das comunidades autónomas, elaborará cada ano un inventario de xestión de residuos de pilas e acumuladores usados, referido ao ano anterior, que se actualizará, publicará e incorporará ao Inventario Nacional de Residuos.

Artigo 19. *Información aos consumidores.*

1. As administracións públicas, os operadores económicos e as entidades xestoras dos distintos sistemas de xestión de residuos de pilas e acumuladores estarán obrigados a proporcionar aos consumidores e ao público en xeral información completa e rigorosa sobre a xestión destes residuos. Esta información poderase canalizar a través de campañas de concienciación cidadá, publicacións ou outras vías similares. Os contidos informativos mínimos referiranse:

- a) Aos efectos potenciais sobre a saúde e o ambiente das substancias contidas en pilas, acumuladores e baterías.
- b) Aos sistemas de recollida e reciclaxe de que dispoñen.
- c) Aos puntos de recollida en que poden depositar pilas, acumuladores e baterías usadas.
- d) Ao papel que deben desempeñar, como consumidores, no tratamento e reciclaxe dos residuos de pilas e acumuladores, participando na súa recollida selectiva.
- e) Ao dereito dos consumidores á entrega ou devolución gratuíta das pilas, acumuladores e baterías usadas.

f) Ao significado cívico e a obriga ecolóxica de non abandonar as pilas, acumuladores e baterías usados, en particular os que teñen a característica de perigosos, nos fluxos de residuos urbanos non clasificados.

g) Ao significado da marcación de pilas, acumuladores e baterías (anexo II) e dos símbolos químicos Hg, Cd e Pb.

h) Aos métodos para retirar sen risco as pilas dos aparellos.

i) Ao cumprimento dos obxectivos establecidos no artigo 15.

j) No caso dos distribuidores, estes tamén deberán informar os consumidores sobre a posibilidade de entregar, nos seus propios puntos de venda, as pilas, acumuladores e baterías unha vez usadas.

2. Os produtores informarán os consumidores ou usuarios finais de que no prezo de venda das pilas, acumuladores e baterías está incluído o custo da xestión ambiental dos seus residuos, sen que en ningún caso o valor dese custo figure por separado na citada información ou na factura de venda aos usuarios finais.

Artigo 20. *Acordos voluntarios.*

1. Os produtores poderán dar cumprimento ao establecido nos artigos 10, 11, 12.2 e 19.1 por medio de acordos voluntarios subscritos coas autoridades competentes das comunidades autónomas ou outros operadores económicos, sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que se garanta o cumprimento dos obxectivos ecolóxicos establecidos neste real decreto.
- b) Que neles se especifiquen obxectivos concretos, os prazos para alcanzalos, así como a responsabilidade en que se incorrerá en caso de incumprimento.
- c) Que se publiquen nos boletíns oficiais das comunidades autónomas en cuxo ámbito territorial sexan de aplicación. As comunidades autónomas afectadas informarán diso a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, a cal transmitirá esta información á Comisión Europea.
- d) Que se estableza un sistema de seguimento e control periódico de cumprimento do acordo e que se informe as autoridades competentes das comunidades autónomas, e o público, das condicións establecidas nos acordos voluntarios, así como da súa aplicación e dos resultados que se vaian obtendo. As comunidades autónomas informarán de todo iso a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, a cal transmitirá esta información á Comisión Europea.

2. No suposto de incumprimento dos acordos voluntarios, as comunidades autónomas garantirán, en todo caso, a aplicación deste real decreto aos produtores que os subscibiron.

Artigo 21. *Obrigas dos posuidores.*

Os posuidores de pilas, acumuladores ou baterías usados estarán obrigados a entregalos nos puntos de recollida selectiva, ou nos correspondentes establecementos dos distribuidores ou vendedores, para a súa correcta xestión de acordo co disposto neste real decreto.

Artigo 22. *Réxime sancionador.*

As infraccións cometidas contra o disposto neste real decreto estarán sometidas ao réxime sancionador regulado na Lei 10/1998, do 21 de abril, e na Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

Disposición adicional primeira. *Inscripción no Rexistro de establecementos industriais de ámbito estatal.*

1. Todos os produtores de pilas, acumuladores ou baterías deberán inscribirse ou estar inscritos no Rexistro de establecementos industriais de ámbito estatal, constituído ao abeiro da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria, e do Regulamento do Rexistro de establecementos industriais de ámbito estatal, aprobado polo Real decreto 697/1995, do 28 de abril.

2. No Rexistro de establecementos industriais de ámbito estatal creárase unha sección especial para os produtores de pilas, acumuladores ou baterías, á cal estes terán que remitir a seguinte información:

- a) A identificación do produtor.
- b) A comunicación do produtor ao rexistro, con identificación da comunidade autónoma onde radica a súa sede e da data da comunicación a esta como produtor, identificando ademais as comunidades autónomas onde o produtor puxese no mercado pilas, acumuladores ou baterías.
- c) O procedemento para cumprir coas obrigas de xestión dos residuos de pilas e acumuladores que poñan no mercado:
 - 1.º Se é sistema colectivo, a identificación dos sistemas integrados de xestión.
 - 2.º Se é sistema individual, a indicación, como mínimo, do tipo e contía da garantía.
 - 3.º Se é sistema público, a súa identificación e ámbito xeográfico.

Nos tres casos, xuntarase a documentación acreditativa correspondente e facilitaranse as cantidades en peso dos residuos de pilas e acumuladores recollidos e xestionados polo sistema durante o ano natural precedente.

d) As pilas, acumuladores e baterías postos anualmente no mercado:

- 1.º Tipos de pilas, acumuladores ou baterías.
- 2.º Orixe:

Fabricados en España polo propio produtor.
Fabricados en España por outra empresa.
Adquiridos noutros países da Unión Europea.
Importados de países terceiros.

Vendidos ou transferidos a outros países da Unión Europea.

Exportados a países terceiros.

- 3.º Cantidades.

Unidades e pesos, en toneladas (por tipos e orixe).

- 4.º Usos:

Portátiles.
Automoción.
Industrial.

3. O Rexistro remitirá, nos tres primeiros meses de cada ano, á Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental do Ministerio de Medio Ambiente, un informe resumo en que figuren as cantidades de cada tipo de pilas, acumuladores e baterías postos no mercado no ámbito nacional por cada produtor, no ano anterior, agrupadas en:

- a) Fabricados en España polo propio produtor.
- b) Fabricados en España por outra empresa.
- c) Adquiridos noutros países da Unión Europea.
- d) Importados de países terceiros.
- e) Vendidos ou transferidos a outros países da Unión Europea.
- f) Exportados a países terceiros.

Disposición adicional segunda. *Eliminación de pilas e acumuladores portátiles que conteñan cadmio, mercurio ou chumbo.*

Por orde do Ministerio de Medio Ambiente, co acordo previo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, poderase permitir, con carácter xeral, a eliminación das pilas e acumuladores portátiles recollidos que conteñan cadmio, mercurio ou chumbo mediante o seu depósito en vertedoiros de residuos perigosos, ou en almacenamentos subterráneos, sempre que concorran algún dos seguintes supostos:

- a) Se os produtores achegan probas documentais demostrativas da inexistencia dun mercado final viable para os materiais resultantes do seu tratamento e reciclaxe.
- b) Se esta medida forma parte dunha estratexia nacional de eliminación e supresión de metais pesados, baseada en avaliacións de impacto ambiental, económico e social, que demostren que a opción consistente na eliminación é preferible á reciclaxe.

Nestes casos, o Goberno dará publicidade ás devanditas probas documentais ou avaliacións, e notificará as medidas que se vaian adoptar á Comisión da Unión Europea, en cumprimento do Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión de información en materia de normas e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos aos servizos da sociedade da información.

Disposición adicional terceira. *Actividade administrativa para a reciclaxe dos residuos de pilas e acumuladores.*

As administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias e tendo en conta o impacto ambiental do transporte, tomarán as medidas necesarias para maximizar a recollida selectiva dos residuos de pilas e acumuladores e minimizar a eliminación destes residuos no fluxo de residuos urbanos, co fin de alcanzar un alto nivel de reciclaxe de todos os residuos de pilas e acumuladores.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto.

2. Quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

- a) O Real decreto 45/1996, do 19 de xaneiro, polo que se regulan diversos aspectos relacionados con pilas e os acumuladores que conteñan determinadas materias perigosas.
- b) Do Real decreto 679/2006, do 2 de xuño, polo que se regula a xestión de aceites industriais usados, os artigos 3.4 e 5.5.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.23.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia sobre lexislación básica relativa á protección do ambiente.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito comunitario.*

Este real decreto incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2006/66/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de setembro de 2006, relativa ás pilas e

acumuladores e aos residuos de pilas e acumuladores e pola que se derroga a Directiva 91/157/CE.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Facúltanse os ministros de Medio Ambiente, de Industria, Turismo e Comercio e de Sanidade e Consumo para introducir nos anexos deste real decreto cantas modificacións foren precisas para adaptalos ao disposto na normativa comunitaria.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o 26 de setembro de 2008.

Dado en Madrid o 1 de febreiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

ANEXO I

Seguimento da observancia dos índices de recollida do artigo 15


Ano	Datos recollidos		Cálculo	Requisito de información
X*+1	Vendas no 1.º ano (S1).			
X+2	Vendas no 2.º ano (S2).			
X+3	Vendas no 3.º ano (S3).	Recollida no 3.º ano (C3).	Índice de recollida (CR3)= $3 \cdot C3 / (S1 + S2 + S3)$.	
X+4	Vendas no 4.º ano (S4).	Recollida no 4.º ano (C4).	Índice de recollida (CR4)= $3 \cdot C4 / (S2 + S3 + S4)$ (Obxectivo fixado no 25%).	
X+5	Vendas no 5.º ano (S5).	Recollida no 5.º ano (C5).	Índice de recollida (CR5)= $3 \cdot C5 / (S3 + S4 + S5)$.	CR4
X+6	Vendas no 6.º ano (S6).	Recollida no 6.º ano (C6).	Índice de recollida (CR6)= $3 \cdot C6 / (S4 + S5 + S6)$.	CR5
X+7	Vendas no 7.º ano (S7).	Recollida no 7.º ano (C7).	Índice de recollida (CR7)= $3 \cdot C7 / (S5 + S6 + S7)$.	CR6
X+8	Vendas no 8.º ano (S8).	Recollida no 8.º ano (C8).	Índice de recollida (CR8)= $3 \cdot C8 / (S6 + S7 + S8)$ (Obxectivo fixado no 45%).	CR7
X+9	Vendas no 9.º ano (S9).	Recollida no 9.º ano (C9).	Índice de recollida (CR9)= $3 \cdot C9 / (S7 + S8 + S9)$.	CR8
X+10	Vendas no 10.º ano (S10).	Recollida no 10.º ano (C10).	Índice de recollida (CR10)= $3 \cdot C10 / (S8 + S9 + S10)$.	CR9
X+11	Etc.	Etc.	Etc.	CR10

*O ano X é o 2008.

ANEXO II

Símbolos gráficos para as pilas, acumuladores e baterías na recollida selectiva

O símbolo que indica a «recollida selectiva» de todas as pilas, acumuladores e baterías é o contedor de lixo riscado, tal como aparece representado a continuación:



ANEXO III

Especificacións dos requisitos de tratamento e reciclaxe

Parte A: Tratamento.

1. O tratamento comprenderá, como mínimo, a extracción de todos os fluídos e ácidos.

2. O tratamento e calquera almacenamento, incluído o almacenamento provisional, en instalacións de tratamento realizarase en lugares impermeabilizados e convenientemente cubertos ou en contedores axeitados.

Parte B: Reciclaxe.

3. Os procesos de reciclaxe deberán alcanzar os seguintes niveis de eficiencia mínimos en materia de reciclaxe:

a) A reciclaxe do 65 por cento en peso, como media, de pilas e acumuladores de chumbo-ácido, incluída a reciclaxe do contido de chumbo no maior grao tecnicamente posible sen que iso entrañe custos excesivos;

b) A reciclaxe do 75 por cento en peso, como media, das pilas e acumuladores de níquel-cadmio, incluída a reciclaxe do contido de cadmio no maior grao tecnicamente posible sen que iso entrañe custos excesivos; e

c) A reciclaxe do 50 por cento en peso, como media, das demais pilas e acumuladores.

2388

REAL DECRETO 110/2008, do 1 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 312/2005, do 18 de marzo, polo que se aproba a clasificación dos produtos de construción e dos elementos construtivos en función das súas propiedades de reacción e de resistencia fronte ao lume. («BOE» 37, do 12-2-2008.)

A Directiva 89/106/CEE do Consello, do 21 de decembro de 1988, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros sobre os produtos de construción, estableceu